

A VACA TOLA

Érase unha vez un pobo chamado Vacarlandia, onde a xente que alí habitaba, vivía das vacas. Un veciño, chamado Luís, tiña moitas vacas, pero unha delas era moi especial, pois ás veces volvrase tola. Sempre escapaba e empezaba a correr de trar do primeiro que vía para, como non tiña cornos e, polo tanto, non podía escornalo, mordelo en calquera parte do corpo, especialmente no cu.

Un día veu unha inspección ao pobo para examinar aos animais e cando chegaron á corte de Luís, quedaron abraiados con aquela vaca, pois, ao ver un dos veterinarios, púxose tola de remate e empezou a correr detrás del ata que o mordeu no cu e nunha perna. Os veterinarios faláron con Luís e díxéronlle que había que tomar medidas con aquel animal, pois era un perigo para a xente.

Luíis estaba desesperado. Chamou uns dentíficos para que investigasen o que lle pasaba á súa vaca.

Tras varias probas déronse conta de que o que en realidade lle ocorría era que lle tiña pánico ao color vermella, e por iso se volvíaa tola. Eles déronlle unha solución: pórle unhas gafas especiais coas que só puidese ver branco e negro.

Luíis quedou moi contento de que lle amañásen o problema, pois de ningunha maneira quería desfacerse dela.

Despois de varios días, o dono do animal realizou unha proba que consistía en colgar un xersei vermello e pñelo diante da vaca. Cando o fixo, ela non se volver tola, seguiu facendo como se non ocorrese nada. Agora era o dono quen estaba tola, pero de contento.

Para celebralo fixo unha festa por todo o alfo, convidou a todos os veciños do seu pobo e deu lle un agasallo a aqueles aos que a vaca mordeu. Os animais tamén tiveron festa, xa que os deixou pastar libremente polas súas terras.

